

CAMPIONATO ESCOLAR DE CROS

Debido a convocatoria de folga dos autobuses para el día 29, modifícase a data das carreiras. Tamén debido a cantidade de atletas inscritos, preto de 2.000, vai a facerse a proba en dúas xornadas, **os días 3 e 4 de decembro**.

Os Centros que participarán o **martes 3 de Decembro** son os seguintes:

CPI Fonte-Díaz, CPI Camiño de Santiago, IES Melide, IES Milladoiro, IES Rosalía de Castro, IES de Cacheiras, IES Anton Fraguas, IES E. Pondal, CEIP Lamas de Abade, CEIP de Roxos e CEIP A Ramallosa

O resto dos Centros participarán o **mércores 4 de Decembro**.

Os Centros que xa enviaron as inscricións no é necesario que as envíen de novo.

O Campionato de cros de CENTROS DE ENSINO celebrarase no circuíto de **Aldea Nova en Ames**:

(Ubicación do circuíto -> <https://maps.app.goo.gl/FSYTN9imZjmZHwxa8>), co seguinte horario e percorrido

HORA	CATEGORÍA	NADOS NOS ANOS	CIRCUÍTO
11,00	Benxamín feminino	2016-2017	500 m (1 Volta P)
11,08	Benxamín masculino	2016 -2017	500 m (1 Volta P)
11,15	Alevín feminino	2014-2015	1.000 m (1 Volta G)
11,25	Alevín masculino	2014-2015	1.000 m (1 Volta G)
11,35	Infantil feminino	2013-2012	1.500 m (1 Volta P +1 Volta G)
11.50	Infantil masculino	2013-2012	1.500 m (1 Volta P +1 Volta G)
12,05	Cadete feminino	2011--2010	2.000 m (2 Voltas G)
12,20	Cadete masculino	2011-2010	2.000 m (2 Voltas G)

As inscricións pódense sacar do programa XOGADE EN EXCEL, ou no modelo que se adxunta; enviaranse ata o luns 25 a: paalva53@edu.xunta.gal.

Tódolos participantes teñen que estar inscritos, na dirección de internet, www.deporteescolargalego.org, programa XOGADE, deporte CROS.

Os Centros que necesiten transporte deberán solicitalo indicando o número de viaxeiros, antes do 25 de Novembro. Os que xa o fixeron non é necesario que o reenvíen de novo.

Deberanse traer imperdibles para suxeitar ben os dorsais dos participantes. Os dorsais recolleranse na Secretaría ao chegar ao circuíto.

Establécense dúas clasificación: individual, segundo o orden de chegada; e por equipos sumando os puntos obtidos polos 4 primeiros corredores, 3 no caso da categoría cadete, de cada CENTRO, resultando gañador a entidade que acade menos puntos.

Na categoría **Cadete**, día 3, para **O Campionato Provincial**, clasificaranse os 2 mellores equipos , e os 10 primeiros atletas clasificados individualmente que non pertencen aos estes equipos e entren na meta entre os 15 primeiros.

No resto das categorías clasificaranse para o provincial, en cada XORNADA, (días 3 e 4) o 1º equipo e os 5 primeiros atletas que non pertencen ao equipo clasificado e entren na meta entre os 10 primeiros

Para esta fase provincial os equipos estarán formados por 6 atletas como máximo. Poderanse variar os corredores que van a formar parte dos equipos clasificados, con respecto aos que participaron nesta fase.

En cada xornada, haberá entrega de trofeos para os 3 primeiros Centros clasificados en cada categoría, así como medallas para os atletas que entren na meta nos 4 primeiros postos de cada carreira

Toda a documentación referente a cobertura do seguro está dispoñible na paxina <http://xogade.xunta.gal> e <https://inscripcion-xogade.poliza>, protocolo de actuación, etc ...

Todos os aspectos non recollidos nestas normas, serán regulados pola organización do evento, en coordinación co Servizo Provincial de Deportes

Poderán participar , sen dorsal ni clasificación, aqueles alumnos que estean federados, no deporte de CROS, sempre que o seu club se comprometa a firmar o CERTIFICADO, en caso de lesión.

Santiago Novembro de 2.024.